**CONCELLO DE CEDEIRA** *(A CORUÑA)*
*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA UN DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.

**PRESIDENTE**
D. Luis Rubido Ramonde

**CONCELLEIROS**
Don Alfredo Vilela Santalla
Dona Mª Luisa Pérez Prieto
Dona Almudena Molina Pérez
Don Pablo Luis Nebril López
Don Juan Carlos Romero Beceiro
Dona Mª del Pilar Pérez Villar
Don José Luis Vergara Rey
Dona Emilia Durán Fernández
Don Manuel Pérez Riola
Dona Mª del Carmen Vergara Rey
Dona Mª José Rodríguez Pérez

**AUSENTES:**
Excusa a súa asistencia a concelleira Dona Cristina Prieto Lago

**SECRETARIA:**
Dona Ana Velo Ruiz

**INTERVENTOR:**
Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás doce horas do día un de xuño de dous mil quince, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## 1.- RATIFICACION DO CAMBIO DA DATA DE REALIZACION DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO

Aberto o turno de intervencións prodúcense as seguintes:

Sr. Vergara Rey: Sí, queríamos, se fora posible, unha explicación no cambio de hoxe, do mércores por hoxe.

Sr. Alcalde: Bueno, estabamos en campaña electoral e vimos máis adecuado, dado a materia que había, cambialo.

Sr. Vergara Rey: Bueno, parécenos completamente insatisfactorio, a explicación parécenos banal, cando algo non nos convence sempre vemos, temos tendencia a ver trapalladas polo medio. ¿Por qué? porque esa argumentación non ten sentido. Podíame dicir vostede: cambiámolo porque nos deu a gana, cambiámolo porque queríamos que nos dese tempo a isto, a aquilo ou o de máis para alá. En fin. Nós imos votar a favor entre outras cousas para que non se cobren dúas dietas, pero bueno, parécenos a xustificación que non ten xeito ningún.

Sr. Alcalde: Moitas gracias.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda: APROBAR a ratificación do cambio da data de realización do Pleno ordinario correspondente ó mes de maio.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DO 25.03.2015, 08.04.2015 E 27.04.2015**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas o 25.03.15, 08.04.15 e 27.04.15.

Ao non producirse ningunha observación, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resultan aprobadas por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as presentes.

**3.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCION SOBRE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO PRIMEIRO TRIMESTRE 2015**

En cumprimento do disposto nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de Modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta pola Intervención municipal do Informe sobre morosidade e período medio de pagamento correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2015, emitido o 30 de abril de 2015, do seguinte teor literal:

**"INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO**

**Período:** 1º Trimestre **Exercicio** 2015

**Primeiro.- Morosidade segundo a lei 15/2010, de 5 de julio**

A lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, regula a morosidade o rexistro de facturas na administración local e sinala ao respecto:

***Artículo cuarto. Morosidad de las Administraciones Públicas.***

*1. El Interventor General del Estado elaborará trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de la Administración General del Estado, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*

*2. Las Comunidades Autónomas establecerán su propio sistema de información trimestral pública sobre el cumplimiento de los plazos previstos para el pago en esta Ley.*

*3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.*

*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.*

*5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas.*

***Artículo quinto. Registro de facturas en las Administraciones locales.***

*1. La Entidad local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.*

*2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.*

*3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.*

*4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.*

O prazo máximo de pago a proveedores ven regulado na lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, que modifica o artigo 200.4 do Texto refundido da lei de contratos do sector público que queda redactado do seguinte modo:

*4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los* ***treinta días*** *siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato, sin perjuicio del plazo especial establecido en el artículo 205.4, y, si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días, los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Cuando no proceda la expedición de certificación de obra y la fecha de recibo de la factura o solicitud de pago equivalente se preste a duda o sea anterior a la recepción de las mercancías o a la prestación de los servicios, el plazo de treinta días se contará desde dicha fecha de recepción o prestación.*

Segundo a Contabilidade municipal, o período medio de pago a proveedores segundo a Lei 15/2010 dos pagamentos realizados no trimestre é de **59,64 días**, **dentro moi xustamente do prazo máximo legalmente admitido de 30 días para a aprobación e 30 días para o pagamento dende a aprobación (Total 60 días)**. Este dato, que supón un empeoramento respecto doutros trimestres pon en evidencia a extendida práctica de presentar facturas sen retención de crédito ou procedemento de contratación. Esta dinámica xa foi obxecto de repetidos informes da Intervención por incumprir a normativa de facendas locais e a lei de transparencia.

**Segundo.- Período medio de pagamento segundo o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo**

O Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a proveedores, establece a metodoloxía e publicidade do periodo medio de pago a proveedores, diferente da sinalada na lei 15/2010:

*Artículo 5. Cálculo del período medio de pago de cada entidad.*

*1. A los efectos del cálculo del periodo medio de pago global al que se refiere el artículo anterior, el período medio de pago de cada entidad se calculará de acuerdo con la siguiente fórmula:*

$$\text{Periodo medio de pago de cada entidad} = \frac{\text{ratio operaciones pagadas * importe total pagos realizados + ratio operaciones pendientes de pago * *importe total pagos pendientes}}{\text{importe total pagos realizados + importe total pagos pendientes}}$$

*2. Para los pagos realizados en el mes, se calculará el ratio de las operaciones pagadas de acuerdo con la siguiente fórmula:*

$$\text{Ratio de las operaciones pagadas} = \frac{\Sigma \text{ (número de días de pago * importe de la operación pagada)}}{\text{Importe total de pagos realizados}}$$

*Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:*

*Los treinta posteriores a la fecha de entrada de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, o desde la fecha de aprobación de la certificación mensual de obra, según corresponda, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en los que no haya obligación de disponer de registro administrativo, se tomará la fecha de recepción de la factura.*

*En el caso de las facturas que se paguen con cargo al Fondo de Liquidez Autonómico o con cargo a la retención de importes a satisfacer por los recursos de los regímenes de financiación para pagar directamente a los proveedores, se considerará como fecha de pago material la fecha de la propuesta de pago definitiva formulada por la Comunidad Autónoma o la Corporación Local, según corresponda.*

*3. Para las operaciones pendientes de pago al final del mes se calculará la ratio de operaciones pendientes de pago de acuerdo con la siguiente fórmula:*

$$\text{Ratio de operaciones pendiente de pago} = \frac{\Sigma\ (\text{número de días pendientes de pago} * \text{importe de la operación pendiente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendientes}}$$

*Se entenderá por número de días pendientes de pago, los días naturales transcurridos desde los treinta posteriores a la fecha de anotación de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, o desde la fecha de aprobación de la certificación mensual de obra, según corresponda, hasta el último día del periodo al que se refieran los datos publicados. En los supuestos en que no haya obligación de disponer de registro administrativo, se tomará la fecha de recepción de la factura.*

*Art. 6.2. Las comunidades autónomas y las corporaciones locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y publicarán periódicamente, de acuerdo con lo que se prevea en la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, la siguiente información relativa a su período medio de pago a proveedores referido, según corresponda, al mes o al trimestre anterior:*

*a) El período medio de pago global a proveedores mensual o trimestral, según corresponda, y su serie histórica.*

*b) El período medio de pago mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*

*c) La ratio mensual o trimestral, según corresponda, de operaciones pagadas de cada entidad y su serie histórica.*

*d) La ratio de operaciones pendientes de pago, mensual o trimestral, según corresponda, de cada entidad y su serie histórica.*

*La información se publicará en sus portales web siguiendo criterios homogéneos que permitan garantizar la accesibilidad y transparencia de la misma, para lo que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas facilitará a las comunidades autónomas y corporaciones locales modelos tipo de publicación.*

No referente a estes cálculos o programa de Contabilidade subministra os seguintes datos:

Ratio operaciones pagadas: 30,11
Importe pagos realizados: 655.604,05€
Ratio operaciones pendientes: 28,30
Importe pagos pendientes: 386.900,82 €
PMP: 29,44

A efectos de dar cumprimento do sinalado na referida lei, achéganse os informes e listaxes subministrados polo programa da Deputación, segundo os datos subministrados polo programa de contabilidade do período sinalado no encabezamento."

A Corporación queda enterada.

**4.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCION DE REPAROS E ANOMALIAS EN MATERIA DE INGRESOS NO 2014**

En cumprimento do establecido no artigo 218 do Texto Refundido da la Lei reguladora das facendas locais, a Intervención municipal eleva ao Pleno informe de data 27.04.2015 de reparos e anomalías en materia de ingresos no exercicio 2014, do seguinte teor literal:

**"<u>INFORME DA INTERVENCIÓN AO PLENO</u>**

**ASUNTO: REPAROS E ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS NO 2014**

O presente informe-anexo ten como obxecto ofrecer información máis completa aos concelleiros do Concello respecto de lo estipulado no artígo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de dicembro, Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

O artigo 218 do TRLRFL, modificado pola Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sinala ao respecto:

> *1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.*
> *Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.*
> *El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.*

*2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.*

*3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local.*

En cumprimento do disposto anteriormente, elévase ao Pleno informe comprensivo das resolucións contrarias aos reparos efectuados. Inclúense tamén os reparos levantados polo Pleno para facilitar a rendición ao Tribunal de Contas e que os membros da corporación teñan coñecemento da relación completa a remitir.

**Primeiro**.-Esta Intervención municipal ten constancia dos siguientes informes de reparo efectuados no exercicio 2014:

| Data reparo | Concepto | Órgano resolución | Data levantamento | Decreto |
|---|---|---|---|---|
| 23/01/2014 | Recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2014 e aprobación de facturas | Pleno | 29/01/2014 | |
| 20/03/2014 | Aprobación de modificación Nº1 de ampliación abastecemento en Virizo, Montemeao e outros e ampliación do saneamento en Virizo (POS 2013) | Pleno | 26/03/2015 | |
| 21/03/2014 | Indemnizacións gasto telefónico novembro 2013 a xullo 2014 | Alcalde | 29/07/2014 | 200 |
| 20/05/2014 | Recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2014 e aprobación de facturas | Pleno | 28/05/2014 | |
| 27/05/2014<br>17/09/2014 | Subministro e implantación do equipamento para o sistema de bicicletas de uso público | Pleno | 24/09/2014 | |
| 29/05/2014 | Aprobación de factura traballos eliminación de barreiras arquitectónicas en pasos de peóns | Alcalde | 29/05/2014 | 136 |
| 10/07/2014 | Aprobación Certificación Obras de mellora de espazos peatonais (POS 2013) | Alcalde | 27/08/2014 | 237 |
| 17/07/2014 | Recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2014 e aprobación de facturas | Pleno | 30/07/2014 | |
| 29/07/2014 | Aprobación de facturas varias | Alcalde | 29/07/2014 | 202 |
| 29/07/2014 | Nómina mes de xullo de 2014 | Alcalde | 29/07/2014 | 199 |
| 02/09/2014 | Aprobación de facturas varias | Alcalde | 02/09/2014 | 248 |
| 02/09/2014 | Aprobación do Padrón de Terrazas 2014 | Alcalde | 02/09/2014 | 249 |
| 19/09/2014<br>26/09/2014 | Aprobación factura Posta en valor do espazo natural da Xunqueira | Alcalde | 26/09/2014 | 280 |
| 22/09/2014 | Prórroga, certificación 3 e contrato de rede de pluviais e rede de rego na praza O Floreal (POS 2014) | Pleno | Pendente | |
| 29/09/2014 | Aprobación de facturas varias | Alcalde | 29/09/2014 | 284 |
| 30/09/2014 | I Exaltacion do Percebe de Cedeira | Alcalde | 30/09/2014 | 287 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 03/10/2014 | Prórroga do programa de becas de formación profesional | Alcalde | 03/10/2014 | 297 |
| 09/10/2014 | Adxudicación do subministro e instalación de actuacións de mellora da eficiencia enerxética (Inega 2014) | Alcalde | 09/10/2014 | 305 |
| 27/10/2014 | Contratación servizo bicicletas de uso público | Alcalde | 27/10/2014 | 324 |
| 27/10/2014 | Aprobación de facturas I Exaltacion do Percebe de Cedeira | Alcalde | 27/10/2014 | 325 |
| 06/11/2014 | Aprobación de Expediente de Rehabilitación da Sala Áncora | Pleno | 14/11/2014 | |
| 06/11/2014 | Aprobación de Expediente de Acondicionamento do entorno da Igrexa de Piñeiro | Pleno | 14/11/2014 | |
| 06/11/2014 | Aprobación de facturas para mellora da eficiencia enerxética no alumeado exterior (Inega 2014) | Alcalde | 06/11/2014 | 348 |
| 11/11/2014 | Reparo por recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2014 e aprobación de facturas. | Pleno | 26/11/2014 | |
| 19/11/2014 | Contratación acondicionamento e mellora de camiños municipais: Campo da cruz e Igrexa de Montoxo | Alcalde | 25/11/2014 | 368 |
| 01/12/2014 | Aprobación de facturas varias | Alcalde | 01/12/2014 | 384 |
| 15/12/2014 | Aprobación de factura de subministro e implantación do sistema de bicicletas de uso público | Alcalde | 15/12/2014 | 405 |
| 30/12/2014 | Aprobación de subvención de Protección Civil 2014 | Alcalde | 30/12/2014 | 428 |
| 30/12/2014 | Prórroga do programa de becas de formación profesional | Alcalde | 08/01/2015 | 3/2015 |

**Segundo**.- En relación coas anomalías en materia de ingresos, debe facerse constar que siguen sen cobrarse íntegramente os prezos públicos das cuotas do servizo de axuda no fogar derivados da ordenanza en vigor, aprobada polo o 29 de maio de 2012, e publicada definitivamente no BOP número 144 do 31 de xullo de 2012 e que foi levantado mediante resolución da Alcaldía do 29/11/2012

**Terceiro**.- Nas relacións remitidas de ingresos do Auditorio figuran conceptos que non se atopan na ordenanza fiscal en vigor como son ingresos de entradas de actuacións, como derivadas de AGADIC (2,5 €) fronte aos 3,00 € de entrada xeral ou 2,00 de entrada reducida. Esta é unha anomalía grave en materia de ingresos por non poder esixir importes non amparados pola preceptiva norma, debendo cesar no cobramento de estos conceptos non previstos pola Ordenanza, ou impulsar a modificación da ordenanza para amparar o seu cobramento.

**Cuarto**.- Son pouco significativos os ingresos que constan na contabilidade no concepto de postos do Feirón, postos de barracas e ferias ou similares (código 339.02) sendo a previsión inicial de 30.000,00 € para 2014."

| Exercicio | Dereitos recoñecidos netos |
|---|---|
| 2014 | 3.161,30 € |
| 2013 | 3.345,23 € |
| 2012 | 1.196,33 € |
| 2011 | 3.194,31 € |

Aberto o turno de intervencións prodúcense as seguintes:

Sr. Vergara Rey: Ingresos e de gastos. Polo que eu vin nos reparos creo que eran vinta e nove reparos no ano dous mil catorce, efectivamente, hai vinte e nove informes de reparo. Hai algúns, os mínimos, quizás un ou dous, quizás un, nin siquera dous, que se refiren a recoñecemento extraxudicial de crédito que poden ter certo sentido, pero aínda así nos quedan vinta e sete, vinte e oito informes de reparo que realmente abrenlle as carnes a calquera, a calquer demócrata e a calquera persona que busque a transparencia. Eu pediríalle á Corporación entrante que traballase, estou convencido que o van a facer, moi pegados ó labor de inspección e de homologación das contas do propio concello, pediríalle á Corporación entrante que se deixen guiar pola intervención e se deixen guiar polos informes xurídicos da labor de secretaría. Sempre se di que o elemento fundamental contra a corrupción e acabar cos corrompidos e cos corruptores pero tamén hai un elemento intermedio que é o de que existan elementos de control nos concellos e existen tales elementos de control, claro que existen os elementos de control, ¿pero de qué sirven os elementos de control si despois non lles facemos en absoluto caso? E as veces dinse cousas gravísimas, cousas que efectivamente son elementos delictivos. Nosoutros como partido político, non así como grupo de goberno que despois fará o que sexa, gardámonos a posibilidade, a perspectiva, de presentar tal cual estes informes de intervención no xulgado, porque, efectivamente, alguén en Cedeira, bueno, quen acabou coa impunidade foi o electorado, o electorado acabou con esta impunidade porque estou convencido que non se vai a producir nunca máis neste concello de Cedeira, pero creo que é necesario tamén que alguén expurgue a licitude ou ilicitude deste levantamento de reparo. Pola nosa parte queda todo dito

Sra. Rodríguez Pérez: A ver, a nós despois de revisar a documentación que nos entregaron con respecto ós reparos temos que volver a insistir no mesmo, no que levamos dicindo durante toda a lexislatura, inconcenbible, a improvisación do seu goberno continúa a hora de gobernar e o final os reparos que o que demostran é iso, que non houbo un plan de traballo axeitado, que os orzamentos non estaban feitos como tiñan que estar, e eu creo que a intervención, que ó mellor tiña que existir como organismo na Xunta ao que xa de oficio foran todos estes temas relacionados coa intervención municipal, porque utilizar a maioría absoluta para iso, para facer o que lles da a gana en temas económicos, parécenos gravísimo, nada mais.

A Corporación queda enterada do informe de intervención de data 27.04.2015.

## 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDIA DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA (137-233)

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En consecuencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía desde o número 137 ao número 233.

| Data Dec. | Número | Descripción | Órgano de Goberno |
|---|---|---|---|
| 19/03/2015 | 137 | MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES APROBADO POLA XGL DE 11.02.2015 QUE REXERÁ AS CONTRATACIÓNS DE OBRAS INCLUIDAS EN PLANS PROVINCIAIS POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO. | 1 ALCALDIA |
| 19/03/2015 | 138 | COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DUN POSTO DE TRABALLO DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL. | 1 ALCALDIA |
| 23/03/2015 | 139 | ARQUIVO DO EXPEDIENTE INCOADO A Mª JOSEFA LÓPEZ RODRÍGUEZ (EXPT. 11/2014 O.E). | 1 ALCALDIA |
| 23/03/2015 | 140 | LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS COMISION SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO NOS POSTOS DE PEÓN. | 1 ALCALDIA |
| 23/03/2015 | 141 | ARCHIVO DEL EXPEDIENTE INCOADO A ARTURO MANUEL SARDINA PICOS (EXPT. 20/2014 O.E). | 1 ALCALDIA |
| 23/03/2015 | 142 | CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO. | 1 ALCALDIA |
| 24/03/2015 | 143 | ARCHIVO DEL EXPEDIENTE INCOADO A MARÍA DEL PILAR, MARÍA ELENA, MARÍA RAQUEL Y MARÍA JOSÉ GARCÍA KUHN // JOSÉ FRANCISCO Y MARÍA DEL ROSARIO GARCÍA MORÁN (EXP. 12/2014 O.E). | 1 ALCALDIA |
| 24/03/2015 | 144 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE. | 1 ALCALDIA |
| 24/03/2015 | 145 | PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE MONITORES/AS PARA REALIZACIÓN DE CURSOS DE MANUALIDADES, ENCADERNACIÓN, DEBUXO E PINTURA.. | 1 ALCALDIA |
| 24/03/2015 | 146 | APROBACIÓN DEFINITIVA MC 01 2015 GC 01 2015. | 1 ALCALDIA |
| 25/03/2015 | 147 | ARQUIVO DO EXPEDIENTE INCOADO A MODESTO LOURIDO LOUREIRO (EXPT. 21/2014 O.E). | 1 ALCALDIA |
| 25/03/2015 | 148 | CONCESIÓN DAS VACACIONS DOS ANOS 2014 E 2015 DA TRABALLADORA DONA MONTSERRAT BLANCO CHEDA. | 1 ALCALDIA |
| 26/03/2015 | 149 | RESOLUCION RECURSO DE REPOSICION EN MATERIA DE TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA. | 1 ALCALDIA |
| 26/03/2015 | 150 | SOLICITUDE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O [illegible] | 1 ALCALDIA |

# CONCELLO DE CEDEIRA *(A CORUÑA)*

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*


| Data Dec. | Número | Descripción | Órgano de Goberno |
|---|---|---|---|
| 27/03/2015 | 151 | NOMINA MARZO DE 2015. | 1 ALCALDIA |
| 27/03/2015 | 152 | MANDAMIENTO DE PAGO A JUSTIFICAR PARA SUSCRIPCION A BASE DE DATOS PREMETI 2015. | 1 ALCALDIA |
| 27/03/2015 | 153 | CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POLA BOLSA DE TRABALLO PRORROGADA, DUN MONITOR DE ENCADERNACIÓN, DEBUXO E PINTURA.. | 1 ALCALDIA |
| 30/03/2015 | 154 | CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO. | 1 ALCALDIA |
| 30/03/2015 | 155 | APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA EZEQUIEL LÓPEZ. POS 2015. | 1 ALCALDIA |
| 30/03/2015 | 156 | APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA. POS 2015. | 1 ALCALDIA |
| 31/03/2015 | 157 | APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MELLORA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL. | 1 ALCALDIA |
| 31/03/2015 | 158 | LEVANTAMENTO DE REPARO-APROBACION DE FACTURAS. | 1 ALCALDIA |
| 01/04/2015 | 159 | VACACIONS CONCELLO. | 1 ALCALDIA |
| 01/04/2015 | 160 | APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS NOS POSTOS DE TRABALLO DE PEÓN. | 1 ALCALDIA |
| 06/04/2015 | 161 | ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. | 1 ALCALDIA |
| 06/04/2015 | 162 | APROBACIÓN DEFINITIVA MC 03 2015 TC 02 2015. | 1 ALCALDIA |
| 06/04/2015 | 163 | INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO. | 1 ALCALDIA |
| 06/04/2015 | 164 | DELEGACION DE FUNCIONS PARA A MESA DE CONTRATACION QUE SE REALIZARAN O DIA 7.04.15. | 1 ALCALDIA |
| 06/04/2015 | 165 | ASISTENCIAS CONCELLEIROS DENDE 01/12/2014 AO 31/12/2014. | 1 ALCALDIA |
| 06/04/2015 | 166 | RECURSO DE REPOSICION INTERPOSTO POR D.JOSE ANTONIO FERNANDEZ AMARO, EN REPRESENTACION DE UNION FENOSA DISTRIBUCION SA, CONTRA A RESOLUCION DE ALCALDIA DE DATA 22.01.15 ( DECRETO Nº 30). | 1 ALCALDIA |
| 06/04/2015 | 167 | CONTRATACIÓN DUNHA LIMPADORA POLA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIONS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO LIMPADOR/A.. | 1 ALCALDIA |
| 08/04/2015 | 168 | CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A MARIA CONCEPCION LORENZO RODRIGUEZ. | 1 ALCALDIA |

| Data Dec. | Número | Descripción | Órgano de Goberno |
|---|---|---|---|
| 08/04/2015 | 169 | CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A MARIA SOL PICOS LOPEZ. | 1 ALCALDIA |
| 08/04/2015 | 170 | CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A DAOUYA BOUKHANFRA. | 1 ALCALDIA |
| 09/04/2015 | 171 | APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ERVELLÁS E RÉGOA. | 1 ALCALDIA |
| 13/04/2015 | 172 | CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A CATHERINE BEJARANO RICAURTE. | 1 ALCALDIA |
| 14/04/2015 | 173 | RESOLUCIÓN AO ESCRITO PRESENTADO POR D. ANTONIO RODRÍGUEZ FABELLO PARA PERMITIR O ACCESO Ó EXPEDIENTE RELATIVO A EXECUCION DE SENTENCIA DO TSX DE GALICIA DE DATA 15.04.14 ( RECURSO DE APELACION 315/20. | 1 ALCALDIA |
| 15/04/2015 | 174 | PRÓRROGA DO CONTRATO DE MARÍA BUSTABAD MARTINEZ. | 1 ALCALDIA |
| 16/04/2015 | 175 | INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO. | 1 ALCALDIA |
| 16/04/2015 | 176 | CONCESION DE AXUDAS PARA FAMILIAS CON NENOS CURSANDO ESTUDOS DE EDUCACION PRIMARIA DO CURSO 2014/2015. | 1 ALCALDIA |
| 17/04/2015 | 177 | MODELOS AEAT 111, 115 E 303 DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2015. | 1 ALCALDIA |
| 21/04/2015 | 178 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE. | 1 ALCALDIA |
| 22/04/2015 | 179 | APROBACIÓN DEFINITIVA MC 04 2015 GC 02 2015. | 1 ALCALDIA |
| 22/04/2015 | 180 | CONTRATACIÓN DE DÚAS LIMPADORAS POLA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO LIMPADORAS.. | 1 ALCALDIA |
| 22/04/2015 | 181 | REMISION DA OFERTA ESPECIAL CON VINCULACIÓN NOMINAL AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA. | 1 ALCALDIA |
| 22/04/2015 | 182 | INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO. | 1 ALCALDIA |
| 23/04/2015 | 183 | CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE DEZ PEÓNS PARA PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL. | 1 ALCALDIA |
| 23/04/2015 | 184 | CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIONS LOCAIS DO DIA 24 DE MAIO DE 2015. | 1 ALCALDIA |
| 23/04/2015 | 185 | XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL. | 1 ALCALDIA |
| 23/04/2015 | 186 | CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL A GENOVEVA LEO | 1 ALCALDIA |

| Data Dec. | Número | Descripción | Órgano de Goberno |
|---|---|---|---|
| | | NARDO LOUREIRO. | |
| 24/04/2015 | 187 | INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. | 1 ALCALDIA |
| 24/04/2015 | 188 | RECUSACIÓN DE D. AGUSTÍN MARTÍNEZ DOCANTO, ARQUITECTO T ÉCNICO MUNICIPAL, DO EXP. DE OBRA MENOR 2014/U009/00006 7, PROMOVIDO A INSTANCIA DE Dª. CÁNDIDA DAMOTA PICOS. | 1 ALCALDIA |
| 27/04/2015 | 189 | PRÓRROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATA CIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO PSICÓLOGO/A PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PERSOAS MAIORES: DINAMIZACION E INTEGRACION. | 1 ALCALDIA |
| 29/04/2015 | 190 | NOMINA ABRIL DE 2015. | 1 ALCALDIA |
| 29/04/2015 | 191 | CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUNHA PSICOLOGA PARA O DE SENVOLVEMENTO DO PROXECTO PERSOAS MAIORES: DINAMIZACION E INTEGRACION.. | 1 ALCALDIA |
| 29/04/2015 | 192 | APROBACION LIQUIDACION PRESUPOSTO CONCELLO EXERCICIO 20 14. | 1 ALCALDIA |
| 29/04/2015 | 193 | APROBACIÓN DEFINITIVA MC 05 2015 IR 01 2015. | 1 ALCALDIA |
| 29/04/2015 | 194 | DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE SECRETARIO DO TRIBUNAL DE SE LECCIÓN PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL. | 1 ALCALDIA |
| 30/04/2015 | 195 | APROBACIÓN DEFINITIVA MC 06 2015 GC 03 2015. | 1 ALCALDIA |
| 04/05/2015 | 196 | CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN MONITOR DE ACTIVIDADE S DEPORTIVAS. | 1 ALCALDIA |
| 04/05/2015 | 197 | ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. | 1 ALCALDIA |
| 04/05/2015 | 198 | AUTORIZACIÓN PARA ASISTENCIA A CURSO. | 1 ALCALDIA |
| 04/05/2015 | 199 | LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS COMPOSICIÓN DO TRIBU NAL E CONVOCATORIA DA PROBA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DUN POSTO DE TRABALLO DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL. | 1 ALCALDIA |
| 04/05/2015 | 200 | EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS. | 1 ALCALDIA |
| 05/05/2015 | 201 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CO N DISCAPACIDADE. | 1 ALCALDIA |
| 05/05/2015 | 202 | LICENZA PARA A APERTURA DE GABIAS, EXPLORACIÓNS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO INSTADA POR AGUAS LA NUEVA S ALUD (EXP. 52/2015). | 1 ALCALDIA |
| 05/05/2015 | 203 | LICENZA PARA A APERTURA DE GABIAS, EXPLORACIÓNS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO INSTADA POR VICTOR BEREIJO N | 1 ALCALDIA |

| Data Dec. | Número | Descrición | Órgano de Goberno |
|---|---|---|---|
| | | EBRIL (EXP. 62/2015). | |
| 06/05/2015 | 204 | CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DUAS TRABALLADORAS PE RCEPTORAS DE RISGA CON OCUPACIÓN DE PEÓNS PARA O DESENV OLVEMENTO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REVALORIZACIÓN DE ZONAS PÚBLICAS.. | 1 ALCALDIA |
| 06/05/2015 | 205 | DESIGNACION DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 134/2 015 IN E PEZA SEPARADA DE MEDIDAS CAUTELARES 134/2015 0 001IN. | 1 ALCALDIA |
| 08/05/2015 | 206 | REMISIÓN DA OFERTA AO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO, PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OFICIAL DE 2ª E DOUS PEÓNS.. | 1 ALCALDIA |
| 08/05/2015 | 207 | AUTORIZACION PRORROGA COMISION DE SERVIZOS. | 1 ALCALDIA |
| 08/05/2015 | 208 | INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO. | 1 ALCALDIA |
| 11/05/2015 | 209 | XUSTIFICACION AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL. | 1 ALCALDIA |
| 11/05/2015 | 210 | LEVANTAMENTO DE REPARO-APROBACION DE FACTURAS. | 1 ALCALDIA |
| 11/05/2015 | 211 | PRORROGA DO NOMEAMENTO DE D. ALEJANDRA CUADRADO SAAVEDR A PARA CUBRIR NECESIDADES URXENTES E INAPRAZABLES. | 1 ALCALDIA |
| 11/05/2015 | 212 | APROBACIÓN DEFINITIVA MC 07 2015 GC 04 2015. | 1 ALCALDIA |
| 11/05/2015 | 213 | DECLARACION DE APROBACION DEFINITIVA DA MC 02 2015 TC 01 2015. | 1 ALCALDIA |
| 12/05/2015 | 214 | ASISTENCIAS CONCELLEIROS DENDE 01/01/2015 AO 28/02/2015 . | 1 ALCALDIA |
| 13/05/2015 | 215 | CAMBIO DE TITULARIDADE DUN NICHO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE CEDEIRA, A FAVOR DE RAQUEL ORJALES ORBANEJA. | 1 ALCALDIA |
| 13/05/2015 | 216 | PERMUTA FINCA PROPIEDADE MUNICIPAL (856) POR FINCA (78 3) DE D. ANDRES FERNAS DIAZ E Dª JOSEFA DIAZ LOUREIRO. | 1 ALCALDIA |
| 13/05/2015 | 217 | LICENZA DE OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO CON BARREIRAS, A NDAMIOS, GINDASTRES E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS INST ADA POR ÁNGEL BOUZA MARTÍNEZ (EXP. 16V/2015). | 1 ALCALDIA |
| 13/05/2015 | 218 | LICENZA DE OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO CON BARREIRAS, A NDAMIOS, GINDASTRES E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS INST ADA POR PABLO BUSTABAD IGLESIAS (EXP. 17V/2015). | 1 ALCALDIA |
| 13/05/2015 | 219 | CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCION E DATA DO PROCESO SE LECTIVO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DOUS P EÓNS E UN OFICIAL DE 2ª PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SER VIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS. | 1 ALCALDIA |

LISTADO DE DECRETOS

| Data Dec. | Número | Descripción | Órgano de Goberno |
|---|---|---|---|
| 15/05/2015 | 220 | INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO. | 1 ALCALDIA |
| 15/05/2015 | 221 | BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FAMILIAS CON NENOS CURSANDO ESTUDOS DE EDUCACION SECUNDARIA (CURSO 2014-2015). | 1 ALCALDIA |
| 18/05/2015 | 222 | APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE URBANIZACIÓN DA RÚA PARALELA AO CAMPO DE FÚTBOL. | 1 ALCALDIA |
| 18/05/2015 | 223 | ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE PISTA MUNICIPAL EN FREIXIDO. | 1 ALCALDIA |
| 18/05/2015 | 224 | ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE ABASTECEMENTO DE AUGA Á LABOREÑA. | 1 ALCALDIA |
| 18/05/2015 | 225 | RESOLUCION EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO. | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 226 | LEVANTAMENTO DE REPARO - APROBACION DE FACTURAS. | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 227 | NOMINA FINIQUITO DE INES BARCIA FABREGAS. | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 228 | LICENZA DE OCUPACIÓN DE TERREO PÚBLICO CON BARREIRAS, ANDAMIOS, GINDASTRES E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS INSTADA POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA R/ DO CRISTO, 13, CEDEIRA (EXP. 19V/2015). | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 229 | PRORROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIONS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO COMO MESTRE/A PARA O DESENVOLVENTO DO SERVIZO NAS VACACIÓNS IGUALDADE XOGO E CONCILIACONI. | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 230 | PRORROGA DA VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIONS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO MONITOR/A PARA O DESENVOLVENTO DO SERVIZO NAS VACACIÓNS IGUALDADE, XOGO E CONCILIACIÓN. | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 231 | RESOLUCION ESTIMATORIA ALEGACIONS EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRAFICO. | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 232 | LEVANTAMENTO DE REPARO - APROBACION DE FACTURAS. | 1 ALCALDIA |
| 19/05/2015 | 233 | CIERRE MODULO DE DECRETOS DE AGORA. | 1 ALCALDIA |

Solicita a palabra o Sr. Vergara Rey.

Concedida á palabra o Sr. Vergara Rey, dí: Vou falar da resolución, das resolucións e de todo o que faga falta, como si en Cedeira non se soubera que vostede revisouno todo e efectivamente non apareceu, non atopou nada, nada, e retoo agora, mañá e pasado a que siga buscando. Aquí non fai falta revisar, aquí fai falta simplemente entregar este informe de intervención para que calquera vexa que hai vinte e nove informes de reparo á súa xestión que supón, non sumamos a cantidade, pero moitos centos de miles de euros reparados. A maiores, efectivamente xa neste punto en concreto, pero ademáis retandoo a que revise por favor, todo o que sexa necesario, seguro que a nova corporación vaille dar moitísimas facilidades para que vostede revise o que queira. Nosoutros temos dudas dun tema, isto é sobre as resolucións, sobre un tema, hai un expediente, seguro que vostede recorda, que é unha permuta de solo no lugar de Régoa, un expediente que se iniciou estando nós, que nós nunca vimos claro porque existían informes negativos, informes de valoración negativos, e agora vemos a última hora que esa permuta está realizada, gustaríame que dese vostede unha explicación, se lle é posible, de por qué e qué elementos xurídicos sobre todo, técnicos e de valoración, cambia vostede solo urbano, urbanizable, por solo rústico ¿qué é o que lle leva a vostede a facer esa permuta?

Sr. Alcalde: Imos a ver, esa permuta simplemente é cuestión de eficacia administrativa, que foi superior a nosa que a de vostedes, non foi capaz de facelo, nada mais.

A Corporación queda enterada das Resolucións de Alcaldía adoptadas dende o último pleno ordinario.

## 6.- MOCIONS DE URXENCIA

Polo Sr. Presidente pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Solicita a palabra o Sr. Vergara Rey, que dí: Bueno, nos temos unha moción de urxencia, sí. E voulle decir sobre qué. Son unha serie de suxerencias que o meu grupo lle fai a nova Corporación, porque claro, este pleno é un viaxe ó pasado, este pleno carece de sentido orgánico, carece de calquer tipo de sentido, é un viaxe ó pasado en donde o único que se fai e deixar constancia, que iso non esta mal do labor, en fin, tan débil, utilizando o calificativo mais suave que se me ocurre, unha acción de goberno tan débil, tan minúscula, tan escasa. A nós ocurresenos facerlle unha suxerencia a todos os grupos porque é o noso último pleno e queremos facerlle unha suxerencia, que por favor, que os plenos se fagan en horario no que o público poida acudir, que as horas laborables son para traballalas, incluso a moitos de nós, ¿verdad María? necesitamos faltar dos nosos traballos, pero o mais importante a nós, non é nin sequera os concelleiros senon o público. Os plenos, cando se di que son abertos, teñen que ser abertos na práctica, na realidade, e para conseguilo é necesario que iso se aparte dos horarios laborables. Por outra parte, eu tamén lle pediría a nova Corporación que fagan un ordenamento, un organigrama de funcionamento do concello en donde se garantice a transparencia. Miren, nosoutros dentro duns instantes vamos a discutir sobre a conta xeral do concello, eu, discúlpenme a soberbia, son licenciado, eu non a entendo, son licenciado e estiven catro anos no concello. Eu sempre necesito apoio de técnicos para canto máis a nosa xente, para canto máis a xente como miña nai, para que ninguén se sinta ofendido, toda esa xente ten que entender a conta xeral do concello do goberno, ten que entendela e, que conste que si é necesario autocriticarme en primeiro lugar eu autocritícome, non fai falta que ninguén me empuxe a ese labor, pero é necesario que todo o que aquí se faga se entenda polo colectivo, que poida sen ningún problema poñerse no taboleiro de anuncios cando estes anuncios funcionen, poñerse na páxina web, poñerse en calquera lado e que todo ciudadano sepa cómo se gastan os cartos e en que se gastan os cartos e que non sexa sólo que é necesario, cuidado, que o documento é un documento técnico, seino, pero despois ten que haber a necesaria labor de divulgación, sei que o documento ademáis obligatoriamente teno, pero logo ao lado ten que haber un fenómeno, un proceso de divulgación, os científicos sábeno, bueno ben, se os científicos solamente se dedicaran a falar de non sei que cousas ninguén se enteraba, pois é necesario que esta labor de divulgación exista e despois creen vostedes unha ordenanza na que a transparencia sexa garantizada, nosoutros propuxémoslla moitas veces o largo desta lexislatura pedíndolles que por favor se facilitara a posibilidade de introducir mocións e iso fágano entre todos, eu pediríalle a vostede que non foi capaz tendo a maioría absoluta de facelo que sendo agora un grupo como os demais se brindase tamén a facer este traballo. Acórdome dalgunhas reunións convocadas desde este pleno que se iban a facer e que aínda estou esperando que se convoquen. Por outro lado, si existe unha comisión de urbanismo, por favor, que funcione, vostede nunca reuniu a comisión informativa de urbanismo, eu ben sei por qué. E bueno, nada máis. Iso é o que solicito como adherencia, como proposta do noso grupo agora ó final desta lexislatura, plenos en horas non laborables, unha ordenanza de funcionamento dos concelleiros e dos órganos de goberno transparente e que as conclusións, as resolucións, conten con luz e taquígrafos perfectamente comprensibles por toda a cidadanía, si

conseguimos que no último pleno conseguir a maioría de todos os grupos neste sentido sentiríamos polo menos que igual tivo sentido haber acudido a todos e cada un dos plenos.

Sr. Alcalde: Entendo que isto é un rogo, ¿non?

Sr. Vergara Rey: ¿Perdón?

Sr. Alcalde: Que isto é un rogo.

Sr. Vergara Rey: Non, non, moción de urxencia, simplemente unha chamada de atención si a apoian, isto non é imperativo. Pero si hai unha decisión de apoio a esta iniciativa, que evidentemente terán que recoller vostedes os futuros concelleiros se queren, se queren, pero bueno, queda ahí.

Sr. Alcalde: Queda ahí, con respecto á Corporación que sale o día trece. Moitas gracias.

Sr. Vergara Rey: Por suposto.

Sr. Alcalde: Esta vostede en tempo de recordarse de todo isto e melloralo moi ben. ¿Rogos e preguntas?

Sr. Vergara Rey: ¿Non a vai someter a votación?

Sr. Alcalde: Sometémola, pero isto non é de urxencia.

Sr. Vergara Rey: Pero haberá que votar entón que vostedes non están de acordo, que non é urxente. É a última despedida, e o último arreón da urxencia.

Polo Sr. Presidente se somete á consideración do Pleno a urxencia do asunto, que deberá ser aprobada polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. A votación arroxa o seguinte resultado: seis votos a favor da urxencia, do PSdG-PSOE (4), do BNG (1), e do PP (1), e seis votos en contra da urxencia, do PP. En consecuencia, ao non obter o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o Concello Pleno acorda rexeitar a urxencia do asunto.

Polo Sr. Presidente pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentandose ningún.

**7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Aberto o turno de rogos e preguntas prodúcense as seguintes intervencións:

Sra. Rodríguez Pérez: Por rematar, por dicir algo, eu creo que efectivamente, apoio o que se acaba de propoñer, de feito acabo de votar a favor da urxencia, creo que é fundamental. O que forme goberno, o goberno que se forme da nova Corporación, a transparencia ten que ser total e absoluta e desexo que así sexa e que todos os que formemos parte desta Corporación traballemos nese sentido.

Sr. Alcalde: Moitas gracias. Damos por acabado o Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás doce horas e vinte minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como secretaria, dou fe.